

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 1 DE XUÑO DE 2006.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Xosé María Rivera Arnosó.

**Asistentes:**

D. Xosé María Permuy Martínez.  
D. Andrés González Vizoso.  
D<sup>a</sup> Alicia Martínez González.  
D. Xosé Anxo González Tomé.  
D. Manuel V. Pico Sanmartín.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido.  
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D. José Iván Puentes Rivera.  
D<sup>a</sup> Carmen Goti Ramil.  
D. Carlos García Bermúdez.  
D<sup>a</sup> Purificación Rodríguez Rico.  
D<sup>a</sup> Isabel Blanco Pico.  
D<sup>a</sup> Amalia Malvar Fernández.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e dous minutos do día un de xuño de dous mil seis, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Iván Puentes Rivera, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Dona Purificación Rodríguez Rico, Dona Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión, a interventora accidental D<sup>a</sup> Milagros López Álvarez, e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

**Interventora accidental:**

D<sup>a</sup> Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo,  
Secretaria xeral do Concello de Fene.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 4 DE MAIO DE 2006 E 12 DE MAIO DE 2006.-**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 4 de maio de 2006 e 12 de maio de 2006, e previamente remitidas

coa convocatoria, e non formulándose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 330/06, DE DATA 10 DE ABRIL DE 2006.-**

De seguido e pola Presidencia dáse conta da Resolución núm 330 de data 10 de abril de 2006 que transcrita literalmente di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 330/06.-  
Sr. Alcalde-Presidente.  
D. Xosé María Rivera Arnoso.**

**Fene, 10 de abril de 2006**

En relación coa Orde de 8 de marzo de 2006, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas a mantemento, realización de programas e investimentos, destinadas á prestación de Servizos Sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria, publicada no D.O.G. nº 52 do 15 de marzo de 2006, e en base aos proxectos e memorias presentadas e propostas polo Departamento de Servizos Sociais para o exercicio 2006,

**R E S O L V Í N:**

**PRIMEIRO.** Solicitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ao amparo da orde expresada, as seguintes axudas para Servizos Sociais de Atención Primaria, de conformidade co artigo 2º da orde reguladora:

- ü PERSOAL: 2 traballadoras sociais, 1 auxiliar administrativa ,  
1 T.G.M a tempo completo, e como novos proxectos: 1 T.S. de base a tpo completo e 1 aux Admon a ½ xornada ..... 65.837,09 €
- ü MANTEMENTO.....3.000 €
  - ü AXUDA NO FOGAR..... 41.469,92 €
- ü REALIZACIÓN DE PROGRAMAS: programas de axudas ás familias, Programa TIEM, Programa Anta.....81.550 €
  - ü EQUIPAMENTO informático básico ..... 2.055,22 €
- § Solicitar unha subvención por importe de 193.912,23 euros, dun orzamento total destinado ó Plan Concertado por importe de 365.282,91 euros, establecéndose a cargo da corporación local unha contía de 171.370,68 euros.
- § Solicitar unha subvención para reforma, insonorización de 2 despachos do departamento de servizos sociais cuio custo acada un total de 2.204 euros, do que se solicita o 80 %: 1.763 euros, sendo a achega municipal para esta reforma dun total de 441 euros.

Facendo constar que o Servizos Sociais de Atención Primaria séguense a prestar nas mesmas condición que o ano anterior.

**SEGUNDO:** O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa aportación, da seguinte maneira:

• PERSOAL:

3 TRABALLADORAS SOCIAIS.....	57.437,53 €
2 AUXILIAR ADMON.....	15.997,31 €
1 T.G.M(psicóloga a ½ xornada).....	9.745,17 €
• MANTEMENTO.....	1.536,16 €
• AXUDA NO FOGAR.....	56.027,51 €
• REALIZACIÓN DE PROGRAMAS.....	30.627,00 €

Para a xestión dos programas de axudas ás familias, programa Tiem, e programa Anta.

**TERCEIRO:** En consecuencia, O PRESUPOSTO TOTAL por programas e inversións para Servizos Sociais de Atención Primaria é o seguinte:

1. PERSONAL.

- APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA.....	65.837,09 €
- APORTACIÓN DA C. LOCAL.....	83.180,01 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	149.017,10 €

2. MANTEMENTO.

- APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA.....	3.000 €
- APORTACIÓN DA C. LOCAL.....	1.536,16€
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	4.536,16 €

3. AXUDA NO FOGAR

- APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA.....	41.469,92€
- APORTACIÓN DA C. LOCAL.....	56.027,51 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	97.497,43 €

4. REALIZACIÓN DE PROGRAMAS.

- APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA.....	81.550 €
- APORTACIÓN DA C. LOCAL.....	30.627 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	112.177 €

5. EQUIPAMENTO

- APORTACIÓN DA C. AUTÓNOMA.....	2.055,22 €
- APORTACIÓN DA C. LOCAL.....	00,00 €
- REMANENTE.....	00,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	2.055,22 €

6. REFORMA: insonorización de 2 despachos:

-APORTACION DA C. AUTÓNOMA .....	1.763 €
-APORTACIÓN DA C. LOCAL (20 %) .....	441€
-REMANENTE .....	0,00 €
-TOTAL PARCIAL: .....	2.204€

**CUARTO.**- Dar conta da presente resolución ao Concello Pleno.”

**3º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 389/06 DE DATA 10 DE MAIO DE 2006.-**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 10 de maio de 2006 que transcrita literalmente dl:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 389/06**

Resultando que en data 9 de xullo de 2003 por Resolución desta Alcaldía, adoptouse, entre outros o acordo de delegación na Comisión de Goberno (hoxe Xunta de Goberno Local) as seguintes atribucións:

1. Concesión de licenza de obras.
2. Concesión de licenza de apertura de establecementos fabrís, industriais ou comerciais e de calquera outra índole, sempre que se trate de actividades.
3. As contratacións e concesións de toda clase, conforme ó disposto na letra ñ) do artigo 21.1 da Lei 7/85.
4. Aprobación de certificacións de obra dentro dos límites de competencia desta Alcaldía.
5. Disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas que correspondan ó desenrolo normal do orzamento a partir da contía de SEIS MIL DEZ CON DOCE EUROS (6.010,12 €).
6. Sanciona-las faltas de desobediencia á miña autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que tal facultade esté atribuída a outros órganos.
7. Exerce-la Xefatura directa da Policía Local así como o nomeamento e sanción dos funcionarios que usen armas.
8. Aproba-la oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
9. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenrolo do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como á dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
10. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación de concesión e estean previstos no Orzamento.
11. A adquisición de bens e dereitos conforme ó disposto na letra p) do artigo 21.1 da Lei 7/85.
12. Aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.
13. Recursos de reposición que se interpoñan contra os seus acordo nas materias delegadas que se teñen detallado nos apartados anteriores.

En uso das facultades conferidas polo artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e artigo 13.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

**RESOLVO:**

Primeiro.- Revogar e deixar sen efecto a delegación das atribucións efectuadas a favor da Comisión de Goberno (hoxe Xunta de Goberno Local) por Resolución desta Alcaldía de data 9 de xuño de 2003.

Segundo.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data da mesma.”

#### **4º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVO AO ESTALEIRO NAVANTIA-FENE.**

Antes de entrar no estudio do asunto, de conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, sendo ratificada por unanimidade.

Seguidamente dáse conta da moción do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de maio de 2006 (entrada 12 de maio de 2006, nº rexistro 3049), que redactada en castelán, e transcrita o galego di:

“Sr. Alcalde, o **Grupo Municipal do Partido Popular**, de conformidade co establecido na lexislación vixente presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate e aprobación polo Pleno do Concello de Fene con base nos seguintes antecedentes:

#### **NAVANTIA-FENE: A SÚA SITUACIÓN ACTUAL, CONSIDERACIÓNS E PROPOSTAS DO PARTIDO POPULAR SOBRE O SEU FUTURO.**

Sen ánimo de mirar atrás e lamentarse continuamente de o que puido ser non foi, non se pode afrontar a situación actual de NAVANTIA-FENE sen facer un pouco de historia.

Esta comarca foi castigada polos gobernos do partido socialista con dúas reconversións navais. Na primeira Astano debeu salvarse porque a súa proxección técnica e comercial superaba con creces o seu inmediato competidor o sacrificio que era o estaleiro de Puerto Real. Non obstante o goberno optou por sacrificar a Astano xa que a forza dos votos que mantiña na Andalucía “obrigaba” a tomar tal decisión, aínda en contra de razóns técnicas e empresariais. Resultando: veto á construción naval convencional aducindo que precisamente esas razóns técnicas levaríanlle a rexurdir de novo nun sector en alza.

Astano iniciou a súa nova andadura nese mercado e podemos dicir que se consolidou mentres que o seu homólogo andaluz continuou languidecendo, pese o reforzo de man de obra da comarca que se tivo que trasladar coas empresas auxiliares, para non perder o seu posto de traballo. Transcorrido o tempo constatouse que as carencias técnicas e comerciais impediron a súa consolidación no mercado xa que a súa carteira de pedidos foi case nula.

Fronte a eso Astano, no seu novo sector, logrou captar importantes contratos e consolidouse no escaso mercado que lle foi asignado ata o 2007. Tanto que, con toda probabilidade, no 2005 entraría en beneficios sen haber percibido axuda algunha da CEE á construción naval convencional. Por eso é claro ante tal realidade a ría de Ferrol debeu ser o gran centro de construción naval civil, militar e de reparacións do país, opción á que parecía fraguarse si temos

en conta as últimas e importantes inversións realizadas na empresa para a súa modernización por parte do goberno central do partido popular.

Nesta situación plantease a segunda reconversión naval para o sector, novamente por un goberno socialista. Non obstante era moi distinta que a primeira e pensouse que desta nos libraríamos. Non foi así e o goberno actual claudicou ante Bruselas sen mostrar a máis mínima resistencia cando o tiña ben fácil:

1ª.- Recorrer a presunta ilegalidade das axudas á construción naval ante os organismos e tribunais comunitarios competentes.

2ª.- Formalizar un importante contrato para a construción de varios gaseros e continuar coas actividades.

3ª.- Negociación política.

Ante a renuncia do goberno a realizar tales actuacións ante Bruselas para defender o sector dos estaleiros (cousa que si fixo para defender a OPA contra Endesa por intereses partidistas), e sen ter Astano nada que ver co tema, novamente e polas mesmas razóns de antano, volve a soportar o peso da segunda reconversión cando as presuntas axudas ilegais o foron á construción naval convencional (Astano xa non construía barcos), non percibiu nin un euro de subvención e nun dos exercicios entraría en beneficios co cal, no ano 2007 podería volver á construción convencional e consolidarse novamente como empresa pública e rendible.

Parece que eso non se podía permitir e sen motivo algún entra no segundo proceso de reconversión soportando Ferrol, novamente, o 40% do custo laboral. Sindicatos e goberno optan por deixalo no sector público para a construción militar cun 20 % de produción civil (para todo o grupo Navantia), o arquivo coas riquezas técnicas Off-shore envíase a Puerto Real (por si convén pactar algún contrato gubernamental xa que o mercado non vai a poder saír), liquídase a oficina I+D e Astano “por fin” **cerrase** pese o que digan gobernos e sindicatos.

Con que nos quedamos en Fene e por ende na comarca? Cun taller auxiliar de Navantia Ferrol para a construción militar e cun estaleiro máis en Andalucía para competir, agora en construción militar con Navantia Ferrol. E elo sen pensar xa nas posibles consecuencias que xa están arrastrando os contratos que suscribiu o actual goberno con Venezuela e que nos pode levar a perder a tecnoloxía cedida por Estados Unidos para a construción das fragatas.

A todo eso hai que engadir que o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero regalou a Bruselas a cota de mercado que tiña atribuída España e que superaba as 425.000 TRB.

Esta é a situación actual e si quedamos estancados, podemos ter a seguridade de que nun breve prazo o estaleiro terá que ser “achatarrado” xa que esta situación empresarial nunca vai a tender ó crecemento.

E tal impresión confírmase agora co novo desvío de construción militar a Puerto Real (xa houbo un primeiro desvío de construción militar e agora os tres cascos de quimiqueiros para Vulcano) e a manifestación de que Fene so prestará axuda a Ferrol na construción militar pese a non constar tal restricción nos acordos suscritos polo goberno socialista. Eso non é máis que a culminación do proceso de reconversión co cerre de Astano e a evidente constatación de que o goberno socialista ignora e discrimina de forma constante e reiterada esta comarca.

Fronte a ela preséntanse agora novamente indicios por parte da Consellería de Industria de querer afrontar o problema, como xa no seu día se pretendeu.

E todas as solucións que se presentan dar serán válidas partindo de dúas premisas fundamentais:

1º.- En principio, os terreos e instalacións do estaleiro deber seguir sendo de titularidade pública.

2º.- Débense respectar ós traballadores adscritos a Navantia Fene todos os dereitos que teñen recoñecidos e o seu dereito a permanecer no grupo público ante unha eventual privatización.

Sentadas e aceptadas por todos estas dúas condicións as fórmulas que permite o noso ordenamento xurídico para relanzar o estaleiro e para salvar o veto do 20% ou da construción naval convencional -na que como vemos Fene non vai entrar- son múltiples: alugamento, empresas mixtas, U.T.E. (unións temporais de empresas), cesión temporal limitada ou prorrogable etc.

O 9 de maio de 2006 aprobouse no Senado unha moción do BNG apoiada polo PP para solicitar o Goberno que dote a Fene dunha carteira estable de pedidos e a renegociación coa Unión Europea das limitacións impostas á construción naval civil nos estaleiros de Navantia, así como modificar os criterios que utiliza para determinar a ocupación dos seus centros tendo en conta as infraestructuras e capacidades.

As manifestacións da senadora socialista Yolanda Vicente en dita sesión de que debemos estar contentos porque Navantia Fene-Ferrol atravesase un bo momento cunha ocupación do 98% son unha tomadura de pelo á comarca Ferrolterra.

O Goberno central rexeitou igualmente as solicitudes do Partido Popular para que se cubrise o dique e para permitir o centro de Fene facer bloques para outras empresas.

Por último, e para reforzar aínda máis a adopción dos acordos que se propoñen, recordar que no ano 2007 seríalle levantado a ASTANO o veto á construción naval convencional e que a capacidade productiva dos estaleiros españois se veu xa drasticamente reducida coa saída do sector público de varias plantas da antiga Izar e a imposición do veto do 20%.

Por todo elo proponse o Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO:** Instar o Goberno Central para que dote o estaleiro de Navantia-Fene dunha carteira estable de pedidos que inclúa a contratación de proxectos propios tanto no ámbito civil como militar.

**SEGUNDO:** Instar o Goberno Central para que renegocie coa Unión Europea as limitacións impostas á construción naval civil nos estaleiros de Navantia.

**TERCEIRO:** Modificar o criterio que utiliza Navantia para determinar o grado de ocupación dos seus centros, de forma que teñan en conta as infraestructuras, capacidade e potencialidade de produción dos distintos estaleiros.

**CUARTO:** Sen prexuízo do trámite que debe darse ós anteriores acordos e ante a eventual presentación de futuras actuacións empresariais públicas, privadas, ou conxuntas entre sector público e privado, instar o Goberno central para que autorice a utilización das instalacións de Navantia Fene baixo as seguintes premisas:

1.- O destino das instalacións deberá seguir sendo a construción naval, tendo en conta a existencia de talleres que puntualmente poden desenrolar calquera proxecto que supoña unha diversificación industrial, sen mingúa da actividade principal.

2.- Non permitir a cesión de terreos dentro das súas instalacións para o asentamento de pequenas industrias que teñen o seu lugar adecuado nos Polígonos Industriais.

3.- Puntualmente, tendo en conta a amplitude das instalacións, estudar e permitir o asentamento nos terreos do estaleiro de calquera empresa que pola relevancia do proxecto industrial, seriedade, solidez da iniciativa e creación dun importante número de postos de traballo poida estar interesada en tal ubicación, sempre e cando non interfira nin afecte á capacidade de produción do estaleiro.

4.- En último lugar e pese a estimar que non é o momento adecuado para a privatización por tratarse dunha empresa en crise, coa premisa do mantemento dos postos de traballo, a garantía dos dereitos dos traballadores adscritos o centro de Fene, e a posibilidade de optar pola súa permanencia no grupo público, si existise unha oferta para a súa privatización proceder o seu minucioso estudio sempre e cando exista un proxecto industrial serio, solvente e con garantía de futuro para a actividade como estaleiro, sen prexuízo das cautelas contractuais que se deban tomar ante o eventual incumprimento ou fracaso do mesmo, coa finalidade de evitar operacións especulativas, mediante un dereito de reversión a favor do Estado ou da Comunidade Autónoma.”

Aberto o debate pide o uso da palabra a Sra. Rodríguez Rico, quen, unha vez concedido, fai unha exposición da moción e da lectura aos acordos que se propoñen.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Yáñez Fernández quen, unha vez concedido, manifesta que a vista da moción que o grupo municipal do PP presenta sobre Navantia-Fene, dende o grupo socialista quixera facer as seguintes consideracións: Primeiro, é evidente que as próximas eleccións municipais, obrigan aos distintos partidos políticos a ir posicionándose en canto os seus obxectivos e como os van lograr. Evidentemente o Partido Popular de Fene que leva tres anos en blanco sen aportar nin unha soa idea ou proposta para Fene, e non hai máis que revisar as actas de Plenos e Comisións para velo, evitando así facer demagogia, ven o campo da reconversión naval como un bo mecanismo para conseguir afastar o Partido Socialista dunha máis que probable Alcaldía en Fene. Continúa o Sr. Yáñez Fernández e dí que en segundo lugar, é evidente que os socialistas son responsables directos e absolutos da primeira reconversión naval no ano oitenta e cinco, obrigada pola conversión con Europa e que a nosa entrada na Comunidade Económica Europea obrigou a tomar medidas coa construción naval sendo Galicia e concretamente Fene un dos lugares máis afectados, pero sería importante facer tres precisións a este respecto que son: En primeiro lugar o goberno socialista de Felipe González non deixou a ningún traballador tirado, sí é certo que houbo miles de traballadores que tiveron que cambiar as súas circunstancias sociais e laborais, pero ningún deles quedou na estacada; en segundo lugar o Estaleiro sufriu unha auténtica reconversión, pois pasou a dedicarse o Off-shore tendo actividade nas súas gradas aínda que cun menor número de traballadores especializouse nunha actividade na que se fixo referente cumprindo cunhas expectativas moi importantes, e en



terceiro lugar, non poden esquecer que o sacrificio dos estaleiros de Fene supuxo a incorporación de España na Comunidade Económica Europea, co beneficio que iso reportou fundamentalmente en infraestruturas a Galicia e que non vai a numerar agora, pero que supuxeron un despegue económico moi importante; en terceiro lugar, dicir que menos mal que o grupo municipal do PP encabeza a moción sen ánimo de mirar atrás e é evidente que o plantexen tal cal, pois o seu ánimo non é o de mirar atrás aos oito anos do Goberno de Aznar nin aos dezaseis do Goberno de Fraga, senón que o que fan é mirar co terceiro ollo, ese ollo que non ten nervio óptico e que non conecta co cerebro e que por tanto non é capaz de facer autocrítica dos gobernos do Partido Popular na Xunta e en España. E así por exemplo, di que lle chama a atención que cando o PSOE gaña as eleccións no 2003 encontrouse cuns estaleiros públicos en bancarota e cun estaleiro de Fene que levaba dous anos sen facer nin unha plataforma, nin reparacións, nin outra alternativa laboral, e que o grupo municipal do PP no seu escrito quere facerlles crer que Astano, era obxectivo prioritario, que os estaleiros ferroláns eran un futuro, e di que se pregunta ante esta afirmación, ¿reconvertistes a mil trescentos postos de traballo en Bazán no ano noventa e nove, ese era o futuro dos estaleiros?, ¿por qué non rexuvenecestes ás plantillas, ou as ampliástedes facendo convocatorias anuais de postos de traballo?, ¿por qué non fixestes vos o saneamento económico dos estaleiros, ou por qué non recorrestes a débeda con Bruxelas antes de perder o poder?, porque a débeda con Bruxelas non se xerou no 2003, xa que viña de moi atrás, concretamente dos gobernos do PP. ¿Por qué iso que prometestes co Prestixe de pedir a reincorporación de Astano á construción naval civil non o fixechedes vos? ¿Por qué en oito anos do goberno do PP en Madrid, e de dezaseis en Galicia non se fixo construción civil convencional en Astano?. Fronte a todo iso veu o que vos chamades a segunda reconversión naval, e dilles que o goberno socialista neste caso saneou a débeda con Bruxelas, firmou o convenio cos sindicatos, non cerrou ningún estaleiro, e buscou unha solución laboral, en base a uns acordos cos sindicatos e por tanto sí houbo negociación política. Continúa o Sr. Yáñez e manifesta que facedes mención aos puntos un e dous do voso escrito, que din concretamente: En principio os terreos e instalacións dos estaleiros deben seguir sendo de titularidade pública en principio, e débense respectar aos traballadores adscritos a Navantia-Fene tódolos dereitos que teñen recoñecidos e o seu dereito a permanecer no grupo público ante unha eventual privatización; é dicir, xa insinuaes a privatización e iso realmente prodúcenos un pouco de medo, vindo ademais de vos, pois non esquezamos, que os últimos oito anos de goberno do Partido Popular, privatizouse todo o que caeu nas vosas mans, dende Telefónica ata Endesa. Por tanto e en conclusión, di que están de acordo co punto primeiro e o punto segundo, loxicamente o punto segundo hai que negocialo a partir do 2007 e neste caso quere facer unha precisión que é engadir ao punto segundo, que xa nos sucesivos gobernos do PP non se fixo.

Continúa dicindo que tamén están dispostos a aceptar o punto terceiro pero non o punto cuarto pois di que cree que o futuro do estaleiro debe de saír da mesma mesa que está creada actualmente de decembro de 2004, que é entre a SEPES e os Sindicatos. Por tanto manifesta que piden que neste punto se modifique por outro que diga que calquera negociación prevista para o futuro de Navantia-Fene debe saír dunha negociación previa entre os membros da SEPES e Sindicatos, sobre todo tendo en conta que os puntos terceiro e cuarto do apartado cuarto da moción son ambiguos e demagóxicos e deixan aberta claramente a porta para a privatización. Por tanto, di que se se acepta esa emenda no punto dous onde se faga constar que xa os sucesivos gobernos do PP non o fixeron e se suspenda o punto catro e se corrixa pola nova redacción que indicou votarán a favor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, quen, unha vez concedido, manifesta que aquí o que convén e facer un pouco de historia, que a reconversión aquí empeza

no ano oitenta e catro, é verdade, que a inicia ou a realiza o PSOE, pero o PP naquel momento ou a Alianza Popular, estaba de acordo; naquel momento no Concello de Fene presentábase un promedio de dous ou tres por ano, deben ir unhas trinta e pico ou máis mocións presentadas ao longo de todos eses anos; esas mocións, case todas ou todas, foron aprobadas e segundo as circunstancias que había en aquel momento, se o que gobernaba era o PSOE, o PP votaba en contra, e se o que gobernaba era o PP, o PSOE facía o mesmo; o resultado de todas as mocións que se aprobaron, desgraciadamente non conduciron a nada. Nesta serie de mocións o grupo de EU e o BNG ata este momento mantiveron sempre un mesmo criterio, de que Astano, hoxe Navantia se reactivara e se dese carga de traballo e permanecese no sector público; continúa o Sr. Sánchez Martínez e manifesta que pide un pouco de seriedade sobre todo a nivel estatal, e é que en Santiago o PSOE, vota a favor duns temas e en Madrid, no Senado vota en contra, concretamente de que en Astano se reactive na carga de traballo e traballo propio, e non sexa un simple taller auxiliar de Bazán; dí que analizando a moción que presenta o PP preguntarlle por qué non fixo isto que pide en oito anos que estivo de goberno, se antes non fixo nada estando no goberno, se é que era difícil, e agora na oposición promete isto; dí que nisto xa estamos xa acostumados a que os dous partidos maioritarios digan unha cousa ou outra segundo estean no goberno ou na oposición, e despois non fan nada ou fan o contrario do que prometen. Continúa o Sr. Martínez dicindo que aquí ve que calquera proposta, cando se analiza a historia ao longo de todos estes anos do que pasou, veña do PP ou do PSOE, sobre Astano, inhabilita e desacredita, e é máis, e que é unha tomadura de pelo para os traballadores da comarca e de Ferroltera, e que ao longo de aproximadamente quince anos que o PSOE estivo gobernando e tivo maioría absoluta, podía ter solucionado todos estes temas, igual que recorda que o PP, cos oito anos que estivo gobernando tamén tivo maioría absoluta para solucionar os temas que neste momento propoñen. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que cando un goberna o outro oponse, isto é un puro é simple teatro; que nestas dúas reconversións que fixo o PSOE, ¿que foi o que fixo o PP?; di que cree que non fai falta ser moi intelixente para saber que estaba de acordo, ¿fixo algo para evitalo?, pois nada. Outro tema que tamén se dí aquí é que o PSOE sacrifica Astano en beneficio de Puerto Real, e é certo, e que en iso está de acordo, ¿pero que fixo o PP nos oito anos que gobernou para cambiar esa situación?; tivo oportunidade e podíanlle haber dado a volta a tortilla e que o sacrificado non fora Astano, pero non fixo nada. Continúa o Sr. Sánchez Martínez e dí que, polo que respecta a introducción, a exposición de motivos da Moción, cando se dí que o PSOE non defendeu a Astano ante a Unión Europea, está de acordo, pero que engádesse na exposición outra cousa coa que se ve o plumeiro ao partido que presenta a moción cando dí porqué defenden a OPA de AU; dí que os que estaban en Endesa, como era o seu caso, coñéceno moi ben, que todas as privatizacións teñen un obxecto: regalar as empresas aos amigos; continúa dicindo que naquel momento o PP a regala aos seus amigos, e nese momento, o PSOE defende a OPA, porque as quere regalar os seus.

Continúa o Sr. Sánchez Martínez e dí que na privatización, o PP sempre o tivo claro, e non escondeu nada e que o PSOE co tempo, vai defender a mesma historia, o comité de Astano pois xa o acaba de anunciar, non hai máis que ver unha nota que dí o comité, que asegura que existe un complot de privatizar Navantia-Fene; e referíndose ao mesmo complot onde se di que hai un complot económico empresarial avalado por poderes políticos, con falsas alternativas, que non garanten o carácter público nin o futuro do Estaleiro de Fene, así como tampouco os intereses dos traballadores da comarca.

Continúa a súa intervención o Sr. Sánchez Martínez, e dí que entrando nos catro puntos da moción, en canto ao primeiro, non habería inconveniente; en canto ao segundo, tamén están de acordo, pero dí que tamén fai un recordatorio de que cando se está gobernando, tíñase que ter encauzado por ese camiño; que en canto ao terceiro punto tamén están de acordo pero dí que tamén cando se goberna débese ser coherente e que en canto ao punto cuarto di que hai unha

serie de cousas coas que, nunca pode estar de acordo; que có que nunca van a estar de acordo, é que unha empresa pública se privatice, e sobre todo á vista das privatizacións que houbo neste país que debían de ter outro nome máis claro, que é, regalar empresas ós amigos, e aí hai moitas explicacións de cando un partido goberna o outro oponse, e cando pasa o goberno cambia completamente de criterio, porque sempre que se fan regalos para os amigos, ás veces, ou moitas veces soen ser xenerosos; dí que cre que vai en contra totalmente da forma que sempre tivo EU de defender o público, e de defender os postos de traballo. Remata a súa intervención o Sr. Sánchez Martínez dicindo que a empresa pública estivo demostrando e demostra que pode e que debe funcionar, outra cousa é como se tratou á empresa pública neste país.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez, quen unha vez concedido, manifesta que a verdade é que estamos ante unha nova moción de Navantia, e curiosamente moción do Partido Popular, que a verdade parece que ten moito interese en poñerse á cabeza de reivindicacións do Estaleiro Navantia, e fai unha pequena sinopse pero sempre levando a sardiña as súas augas; o que é curioso é si é certo que no ano 1984 estaba gobernando o Partido Socialista, houbo a primeira reconversión, e é certo que no 2004 gobernando o Partido Socialista deron para nós o machetazo ó Estaleiro de Astano, pero durante ese tempo, durante eses vinte e pico anos houbo outros gobernos, e de feito en dúas ocasións estivemos gobernados polo Partido Popular, e estívose a punto ou polo menos intentou en varias veces que se pedira á Comunidade Europea que Navantia, naquel momento Izar, se dedicara a naval, pero cree que naquel momento ademais era na época na que tanto Francia como Alemania, estaban abrindo estaleiros novos, estaban preparando nova capacidade, instando á Comunidade Europea o incremento de capacidade, pero que tanto o PP como o PSOE nese momento non apostaron por Izar-Fene; dí que estivo durante varios anos o seu parlamentario en Madrid sacando o mesmo, predicando no Parlamento coa petición de que Astano, naquel momento Izar, fixera barcos ou, polo menos, fixera barcos completos, que era unha das peticións ou das premisas que sempre tiveron en mente. É certo, que no ano 2004 houbo unha reconversión, unha segunda reconversión, e aí, a parte de ter o problema de ir o público-privado Izar, e reparto de cargas público-privado, espertouse non un gran fronte, pero si con forza para que Astano quedara no público, máis que nada porque era unha idea por parte do nacionalismo de que quedara un centro integrado na área de Ferrol; esa era a nosa idea e segue sendo, é de que aquí fagamos todo tipo de barcos tanto civís como militares, xa perdemos un fleco en todas estas negociacións e así o denunciámos en máis ocasións, que é a todo que se había traballado sobre o tema do Off-shore, foi para Puerto Real, e iso si que é certo, que o final vamos a pagalo caro, porque aínda que houbera pouco traballo o Off-shore, era un sitio no que Astano no último ano dera beneficios, poucos pero dera.

Continúa o Sr. Permuy Martínez e dí que temos que dicir que dende o ano 2003 cando entregamos a empresa a plataforma Statoy, non se fixo nada máis nese Estaleiro, e iso é certo, e aínda agora que había o Vulcano, que lle encargaron tres quimiqueiros, a empresa cando llo contratou a Navantia, temos coñecemento e ademais, por escrito mandoulle varios Fax á SEPI, que quería realizalos en Astano, e aí hai rumores importantes que din que os acordos do Partido Socialista coa UXT impediron que os barcos viñeran para Navantia-Fene, porque había un acordo non escrito onde os primeiros barcos que se fixeran íanse facer en Puerto Real; fíxose xa esa reclamación no Senado e a contestación da empresa, é que a empresa Navantia Ferrol e Astano están o 98% de ocupación, seguramente contaron todo o persoal que está agora, mesmo nas oficinas xerais e máis o persoal que está enredando nalgúns bloques, pero o certo é que se vamos con ese tipo de conxecturas para calcular a situación actual de Astano, con catro bloques e unha KSB podemos estar todo o día ocupados, pero a realidade é que a maioría do noso Estaleiro está totalmente desarticulado e parado.

Continúa o Sr. Permuy e dí que o conselleiro de Industria xa fixo varias intentadas para intentar facer un acordo coa SEPI, e a verdade é que as comunicacións e as noticias que temos son bastantes pobres; hai un último intento agora mesmo de crear unha especie de fronte para estudar a situación actual de Navantia-Fene e as melloras que se poden facer, non obstante nós seguimos pensando que este Estaleiro pode traballar tranquilamente no tema militar e pode traballar tranquilamente no civil, sempre e cando se elimine ou, polo menos, se intente que no ano 2007 se eliminen restos da construción naval, e unha cousa a maiores, que é o 20% de construción civil. Con respecto á moción, di que nos tres primeiros puntos, a verdade é que poden estar de acordo pero o que lles é infumable é o cuarto punto; é imposible que o Bloque Nacionalista Galego que ata agora estivo traballando e colaborando para que Astano siga en pe e siga como construción naval, e hoxe nos presentan unha moción para facer un reparto ou unha venta a carteira da empresa privada, que podían votar que non, pero dada a situación que sempre que houbo aquí unha proposta de Navantia sempre votaron que si, porque están en que Navantia volva a facer barcos, volva a traballar, volva a ser o motor da comarca que é o que debía facerse, hoxe con ese punto catro o que van a facer é absterse.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Rodríguez Rico, quen unha vez concedido, di que sobre as primeiras palabras da intervención socialista non vai a perder o tempo en responder porque xa din bastante de como é a persoa, cando no seu momento dixo que non quedou ningún traballador tirado, có que non está de acordo en absoluto, e di que cre que moitos veciños de Fene e comarca tampouco están de acordo con esa frase; dí que é certo que cando comeza a moción faise referencia a que non se vai facer historia e non a vai facer; que todos os presentes saben que nesta comarca sufrimos a primeira reconversión no seu momento, sufrimos a segunda reconversión no seu momento, e como moi ben reflexastes unha serie de solucións, rexuvenecer a plantilla, etc, é unha pena que non as poñades en práctica, porque estas dúas reconversións pasadas teñen firma socialista, entón, se dende o Partido Socialista de Fene tendes esas solucións pois o mellor sería conveniente que as puxerades en práctica, sería conveniente que as transmitisedes o resto do partido; respecto no punto cuarto, a moción o pon bastante claro, dende logo non estamos abrindo ningunha porta a unha privatización, está moi claro que non é o momento adecuado porque estamos ante unha empresa totalmente en crise e non é a solución mais viable nestes momentos; é certo que á hora de que os gobernantes cando se poñan a negociar, se é que se poñen, para tratar de dar unha saída á situación de Navantia pode xurdir esta solución, que é certo, que o Partido Socialista ten todo moi claro, pero agora tamén temos que o centro de reparacións nos vai para Vigo, é unha inversión de cincuenta millóns de euros, que tamén se podería loitar para que quedase aquí en Fene e non queda, entón, a vista de todo isto, me gustaría que todas as solucións claras que teñades, as deixedes aquí en Fene e que se leven á practica.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Yáñez Fernández, quen unha vez concedido dille a Sra. Rodríguez Rico qué evidente que ten unha cegueira, é dicir, cree todo o que está plantexando nesta moción, sen ningún dato obxectivo que o xulgue, que o xustifique, e que lle sorprende que unha persoa coa súa capacidade de análise, e coa súa preparación, plantexe unha moción destas características, neste Concello e neste Pleno, obviando os dezaseis anos de goberno de Fraga e os oito de Aznar; e que sorpréndelle que non sexa capaz de facer autocrítica e non darse conta que ás veces as mocións que presenta o Partido Popular neste Concello hai que darlle moitas voltas para sintetizalas e plantexalas doutra maneira, porque son totalmente improcedentes; dí que cree que esta é unha moción totalmente improcedente e fóra de lugar, pero en calquera caso intentou explicar co maior respecto posible a opinión dos socialistas de Fene sobre este tema e manifesta que segue mantendo que se aceptan esas dúas emendas votarán a favor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, quen, unha vez concedido, dí que se se quita o punto catro non habería inconveniente en votala a favor, e que nos outros tres puntos están de acordo coas matizacións feitas anteriormente.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez, e di que o único que lles impide votar a favor dunha moción de Astano neste momento, é o punto catro e que se se elimina ese punto, está de acordo.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Rodríguez Rico, quen, unha vez concedido dí que dende o Partido Popular, o que quere é buscar solucións e están de acordo en retirar ese punto, pero que lle gustaría que cando se volva a dar esta situación o revés tamén dos outros lados cedan.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Yáñez Rodríguez e dí que presentaron unha emenda o punto cuarto, e que senón se acepta esa emenda, votarán doutra maneira e sinala que a emenda sería a seguinte: En lugar do punto catro, substituílo polo seguinte: “que calquera modificación sobre o futuro de Navantia-Fene debe de saír dunha negociación previa da actual mesa de negociación entre SEPI e Sindicatos”.

O Sr. Permuy Martínez intervén e dí que eles están de acordo.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a moción coa modificación do punto catro que queda redactado como segue “Cuarto.- Que calquera modificación entre o futuro de Navantia-Fene debe saír dunha negociación previa entre a actual SEPI, e Sindicatos”, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción coa modificación do punto catro anteriormente transcrita, quedando, polo tanto, a parte dispositiva da moción redactada como segue:

**PRIMEIRO:** Instar o Goberno Central para que dote o estaleiro de Navantia-Fene dunha carteira estable de pedidos que inclúa a contratación de proxectos propios tanto no ámbito civil como militar.

**SEGUNDO:** Instar o Goberno Central para que renegocie coa Unión Europea as limitacións impostas á construción naval civil nos estaleiros de Navantia.

**TERCEIRO:** Modificar o criterio que utiliza Navantia para determinar o grado de ocupación dos seus centros, de forma que teñan en conta as infraestructuras, capacidade e potencialidade de produción dos distintos estaleiros.

**CUARTO:** Que calquera modificación sobre o futuro de Navantia-Fene, debe saír dunha negociación previa da actual mesa de negociación entre SEPI e Sindicatos.

#### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN ALCALDÍA.-**

Dáse conta das Resolucións da alcaldía dictadas dende o anterior Pleno Ordinario e comprendidas entre os números 372 do 2 de maio de 2006 e a número 425 do 29 de maio de 2006.

**6º.- MOCIÓN S URXENTES.-** Non se presenta ningunha.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Yáñez Rodríguez, e di que teñen varias preguntas e unhas consideracións. En canto ás preguntas, a primeira é a propósito dunha Sentencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Ferrol, de data 3 de marzo de 2005, que di concretamente: “Fallo: estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto polo avogado M.J. Eivo en nome e representación de Don José Fernández Vázquez e Don Ángel Maceiras González en relación co acordo do Concello de Fene de dez de novembro do dous mil, polo que se legaliza a explotación de ganado porcino sita no lugar de Brea, Camiño da Lameira nº 5, Maniños, nas condición que constan no proxecto do enxeñeiro técnico en explotacións agropecuarias, e declaro que o acto administrativo non é conforme a dereito, polo que o anulo totalmente.”; é dicir, xa pasou un ano e un mes dende esta Sentencia e aínda non se levou a cabo, que cre que xa pasou un tempo prudente para que se cumpra esta Sentencia, posto que o feito de que se esté atrasando tanto tempo o seu cumprimento, vai dar lugar a unha serie de repercusións e de custos administrativos que cree que os van a ter que asumir tódolos veciños do Concello, polo que esixe que se cumpra canto antes e ademais dí que invita a secretaria que tome cartas neste tema para que isto se faga o antes posible.

Continúa o Sr. Yáñez Rodríguez e manifesta que a segunda pregunta é para cando ten previsto o equipo de goberno entregar o local da Asociación de Veciños de Sillobre, concretamente qué obras faltan por acometer e para cando teñen previsto iniciar os traballos do camiño dos Carballás, posto que un dos compromisos que se adquiriron na Comisión do ditame das Ordenanzas é que habería un prazo dende dito ditame, que xa pasou ese prazo, e non viron ningún tipo de resultado.

E a terceira pregunta, é que o contenedor de reciclaxe de papel que se retirou en Sillobre, e non se repuxo, se está previsto repoñelo e para cando.

Continúa o Sr. Yáñez e manifesta que quixera facer dous tipos de consideracións, en función dunhas declaracións que saíron nos medios de comunicación ultimamente, e que cree que teñen o suficiente peso para analizalas, unha delas é a revista que publica o equipo de goberno “Fencia”, e outras son as manifestacións do Partido Popular sobre os álamos de Barallobre.

En canto ás consideracións do BNG, dí que recentemente acaban de buzonear e de publicar nos medios de comunicación un novo “Fencia” do que lle gustaría comentar a parte que o seu grupo afecta, que é a reclasificación das prazas de habilitados nacionais. En primeiro lugar denunciar a ambigüidade que mantén o BNG ao seguir mantendo os termos de Concello de primeira e de segunda, cando se debe falar de habilitados de entrada e de categoría superior, posto que non existen concellos nin de primeira nin de segunda, senón que é unha variable poboacional; e en segundo lugar, di que o BNG manexa demagoxicamente a información pero tamén o fai cos exemplos, pois poñen o exemplo de Boiro cando está aquí o lado o Concello de As Pontes que acaba de facer unha recalificación no mes de decembro, e é un concello gobernando por un alcalde do BNG e cunha poboación moi similar a nosa; en terceiro lugar dicir que tiñamos unha interventora que levaba aproximadamente tres anos neste Concello, era unha interventora de entrada, ou de segunda, a cal non se lle renovou a Comisión de Servizos, e no seu lugar veu outra interventora que como figura no dar conta que se presenta para este Pleno, está de baixa por estres laboral, o estar desbordada polo traballo do Concello, é un escrito que está presentado o vinte e oito de abril de dous mil seis. E por outro lado tiñamos postos de Secretaría cubertos por

secretarios de segunda, e con esos secretarios de segunda, é curioso que saían os presupostos sen informes negativos, o Plan Parcial de Centieiras estaba a punto de aprobarse; e por último o alcalde tiña os seus poderes, é dicir, delegaraos na Comisión de Goberno, e durante vinte e catro anos levábaos a Comisión de Goberno, e resulta que agora sucede que temos unha secretaria de primeira e sae todo con informes negativos e para colmo o alcalde ten que recuperar os seus poderes para facer o Concello operativo; dí que cree que isto demostra claramente con feitos que o Partido Socialista tiña razón cando plantexou recalificar as prazas dos habilitados nacionais, e que, para zanxar este tema, invita ao alcalde a que teñan un debate diante de todos os traballadores deste Concello para explicarlles en que consiste a recalificación das prazas, e dende logo explicarlles que a recalificación non supón nin que perdan da súa nómina, nin que perdan dos seus niveis, nin dos seus dereitos conseguidos nos últimos vinte e seis anos, e ademais pide ao Alcalde que traia o Pleno tódolos datos necesarios para xustificar que coa recalificación das prazas de habilitados nacionais, este Concello perde capacidade económica, administrativa ou laboral e despois de que se analicen estes datos, se ten razón o Sr. Alcalde, dí que se compromete, a revisar a moción e retirala se é preciso.

Continúa o Sr. Yáñez Fernández dicindo que outro tema que lles preocupa, é o escrito do Partido Popular referente a cortar as árbores, os álamos na Ribeira de Barallobre; porque trae un escrito que está publicado pola Sociedade Española de Arboloxía, do que extracta uns artigos que din:

“O polen e as esporas de mofo presentes no aire son alérxenos do aire libre, que comunmente desencadean síntomas durante a primavera e o outono. O polen consiste en células masculinas diminutas con forma de ovo que producen as plantas con flor, estes gránulos microscópicos todos son necesarios para a fertilización das plantas, ¿que pasa co polen das flores? O polen das plantas con flores de cores vivas, como as rosas, xeralmente desencadean alerxia, por outro lado moitas árbores, céspedes e herbas de pouca altura, teñen tipos de polen pequeno, livián e seco, aptos para diseminarse coas correntes de aire, estes son os que desencadean síntomas de alerxia.

Pólenes de árbores: a rinite alérxica e o asma de temporada comezan a principios de primavera e a miúdo desencadeanse polo polen de árbores como roble, plátano, olmo, abedul, fresno, nogueira, arce, ciprés e álamo.

Pólenes de céspedes: a finais de primavera e principios do verán é o polen dos céspedes e non o das árbores o desencadeante dos síntomas, o polen das árbores xerese antes, os céspedes seguen no ciclo, e as herbas xeralmente teñen a súa polinización a finais do verán e a principios do outono.

¿E que pasa cos fungos? Os mofos son fungos microscópicos, as súas esporas flotan no aire e están presentes ó longo de todo ano, a diferenza do polen os mofos non teñen unha temporada específica pero vense afectados polas condicións meteorolóxicas como o vento, a choiva ou a temperatura. Os mofos están presentes en case tódolos hábitats posibles, o aire libre, poden estar na terra, na vexetación e na madeira que se podre. Os mofos poden tamén encontrarse nos interiores de áticos, sotos, baños, refrixerados e outras áreas onde se garden alimentos, botes de lixo, alfombras e tapices. A interpretación dos recontos de polen e mofo e a súa relación cos síntomas cando os recontos de polen son de 20 a 100 gramos por metro cúbico, os síntomas de un poden verse afectados pola exposición recente a outros alérxenos, a intensidade de exposición o polen e a sensibilidade individual, en xeral, o uso de recontos de polen para predicir a gravidade dos síntomas nunha persoal é algo moi limitado. O tratamento adecuado non consiste no escape, o escape non é o mellor método de combater as alerxias.” Continúa o Sr. Yáñez Martínez e manifesta que dito isto quere sacar as seguintes conclusións: Non soamente o polen das árbores produce alerxia, en efecto as árbores prodúceno a principio da primaveira como queda recollido neste estudio, pero despois é o céspede e a herba e todo o ano o mofo os que producen alerxia, polo tanto, e a vista do que aquí se di non está claro a relación entre o

polen e os síntomas, incluso a reacción das persoas sensibles é distinta dependendo do polen e do tipo da árbore que o produza. Polo tanto o mellor tratamento non é cortar árbores, porque pode suceder que a alerxia non lla de o álamo, que ten o lado da casa, senón que pode ser o plátano, o abedul, ou calquera outra árbore que ten noutro sitio, ou incluso os mesmos ácaros que ten na roupa, remata dicindo que antes de ser arboleitos é mellor que segan a recomendación da Sociedade Española da Alerxia que en ningún punto fala de cortar árbores ou aumentar xardíns, ou derribar as casas que teñan fungos e ácaros, que hai que podar e limpar, evidentemente iso é así, porque senón cortaríamos tódalas árbores tamén en outono, xa que en outono caen as follas e tamén obstrúen, pero non se cortan as árbores en outono, límpase e tamén hai que podar, e todos podamos, pero diso a cortar árbores que ademais favorecen a eliminar a polución ambiental hai un abismo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín, quen, unha vez concedido, dí que no tema do local de Sillobre, este local está a piques de rematarse, concretamente estaban hoxe pola mañá pulindo o chan, que falta instalar unha parte de electricidade e pintalo, e que calcula que neste mes seguramente quede listo todo, e que se poida entregar.

Continúa o Sr. Pico Sanmartín e manifesta que en canto do Camiño dos Carballás, había un compromiso por parte da empresa de ir xa esta semana para el, pero non puido ir por uns problemas que tivo, pero calcula que na semana que ven ou polo menos é o compromiso que teñen, se empezará a asfaltar.

Dí o Sr. Pico que no tema dos álamos, ten que volver a Barallobre, porque en Barallobre, non viu álamos, senón chopos, e dí que entón ten que facer unha recomposición do tema, se mirou ben ou mal, e que coincide plenamente co portavoz do PSOE, que a solución neste caso non é cortalos, nin cousa polo estilo, senón que neste caso para evitarlles que produzan grandes cantidades de polen en todo caso podalos, nunca cortalos.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Martínez González, e dí que casualmente en canto aos chopos, o ano pasado se lles deu unha boa poda pola parte do transformador e dos cables que había alí, e é certo que se van a seguir podando.

De seguido, pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso, quen unha vez concedido dille ao Sr. Yáñez Fernández que concretamente no tema da reclasificación das prazas, non vai a entrar porque xa está máis que debatido, e exhíbelle uns papeis e dille que iso son unhas declaracións da interventora e que os lea detidamente, nun periódico que se chama "Limpa Farolas", que está nas páxinas de internet.

O Sr. Yáñez Fernández preguntalle ao Sr. González Vizoso, o que din esas declaracións.

O Sr. González Vizoso contesta que confirman precisamente cales eran as intencións precisamente de reclasificación.

O Sr. Yáñez Fernández di que o lerá con calma.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen unha vez concedido di que en relación as árbores, sexan chopos, sexan álamos, o que fixo o seu grupo foi facerse eco dunhas protestas, duns escritos que xa entraron no rexistro do Concello, onde os veciños pedían unha solución, e que seguen a pedir unha solución para esas árbores. Continúa a Sra. Blanco Pico e dí que con respecto á poda do ano anterior, asegura que no ano anterior non se podaron, que puido ser o ano anterior máis, pero o ano anterior a esas árbores, non se lles tocou, están moi altas e



moi por enriba dos cables o cal supón un perigo para todos os que están alí, para que lle busquen unha solución. Dí que tamén piden que se lle poña remedio ós malos olores que hai nos contenedores en xeral, e sobre todo os que están ao lado das grandes áreas comerciais, de supermercados, porque por moito que se trate de evitar seguen depositando residuos alimenticios, e cando se van a baleirar é inevitable que restos caian incluso na estrada, e xa non é só o olor que desprenden os contenedores senón tamén o que queda impregnado no chapapote polas constantes caídas de residuos. Continúa dicindo que na Avenida de Marqués de Figueroa hai un problema de desaparición de árbores, porque desaparecen, polo motivo que sexa e estes ocos que quedan, para a xente que vai paseando, son un perigo que queden así baleiros e sen nada que os sinalice, e cree que deberíase de evitar que queden así baleiros. Dí que insisten na sinalización dos aparcamentos de minusválidos, que se adapten á normativa actual e que polo menos cando se fai un repintado ou cando se pinte de novo un aparcamento, se o Concello non pode asumir o repintado de todos aqueles que se vaian facendo de novo, polo menos que se vaian adaptando ou que se lle esixa a empresa que os pinta, que os pinte como teñen que pintalos; que tamén son coñecedores de que hai un incremento de delitos no municipio, e queren saber cales son as medidas que se pensan adoptar por parte do Concello para tratar de evitar que estes delitos vaian proliferando e non tomen o Concello de Fene, como unha zona onde se pode delinquir facilmente; dí que tamén queren coñecer xa que o outro día non puideron participar na Comisión, porqué mediou a Galería Sargadelos na compra da obra de arte que está colocada en San Valentín e cal foi o seu importe, xa que non puideron acceder á factura, porque aínda que o intentaron, no expediente poñía que se achegaba a factura, non a viron, entón dí que queren saber cal é o motivo para que a Galería de Sargadelos medie na compra desa obra de arte, e cal foi o importe que se lle pagou pola obra.

Continúa a Sra. Blanco Pico dicindo que queren que se convoque a Comisión de Persoal, xa que teñen varios escritos por parte do persoal deste Concello que queren que, se non todos, a maior parte deles, deberíanse tratar ademais con urxencia porque son cousas que non poden esperar e que co tempo que transcorreu dende a última Comisión ordinaria de persoal, xa é hora de ter unha Comisión ordinaria.

Remata a súa intervención a Sra. Blanco Pico dicindo que lles fixeron chegar, que a Policía Municipal ten como traballo diario as labouras de recollida, do alcalde, e que lles estraña xa que cunhas facturas, neste caso de 1.774 euros, a maiores os municipais teñan que desempeñar a laboura de taxistas, e pregunta en qué data se lle entregou o último uniforme aos policías municipais.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso, quen unha vez concedido, dí que a Comisión de Gobernación reuniuse hoxe pola mañá.

A Sr. Blanco Pico dille ao Sr. González Vizoso que ela se refería á sesión ordinaria.

O Sr. González Vizoso di que se reuniu fai un mes para tratar o tema de persoal, e non hai ningunha reclamación en absoluto.

A continuación o Sr. González Vizoso dí que non ten ningún problema en facela ordinaria, pero iso segundo vaian xurdindo as cousas, convócase ou non, como non é unha comisión co ritmo que teñen as outras, convócase nese sentido. Continúa o Sr. González Vizoso e dí que no referente ao tema de roubos e esas cousas, celebrouse unha Xunta de Seguridade que se convocou para falar dun tema dun convenio coas Forzas do Estado e as administracións locais, e Policías Locais referente ós problemas que teñen o tema relativo a muller, e que a estatística é

baixa en Fene, non hai ese problema, ou polo menos non se lle transmite. E en canto aos uniformes da Policía Local o Sr. González Vizoso contesta que xa teñen traxes a Policía Local.

Acto seguido intervén a Sr. Blanco Pico, e di que só preguntaba cando foi o último uniforme, en que data se entregou o último uniforme e nada máis.

Intervén o Sr. González Vizoso e di que non se acorda agora mesmo da data cando se fixo a compra, que se fai tódolos anos de acordo a unha petición da Policía Local e consensuada dentro da Policía Local, que tódolos anos se fai iso de acordo coas necesidades que ten a propia Policía; que o tema da roupa é prioritario nas partidas que corresponden á Policía Local, normalmente inclúese o 100% das peticións da Policía Local.

De seguido pide o uso da palabra, a Sra. Martínez González, e dí que, en canto ao tema do lavado dos contenedores, dos malos olores, esta semana estiveronse lavando todos e que outra cousa é que non se cumpra a Ordenanza do depósito de lixo nos contenedores, ordenanza que dí que ata as oito da tarde, e que se non se bota o lixo e se cumpre a Ordenanza durante o día, non haberá cheiros nos contenedores, porque estarán baleiros, que é o seu estado natural durante o día. Continúa a Sra. Martínez González e di que en canto ao tema dos furados en Marqués de Figueroa, é certo que falta algunha árbore, pero casualmente hoxe aínda estiveron repoñendo algunha, e repoñeranse todas e entón quedarán os furados ben.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Tomé, e manifesta, en canto á pregunta formulada pola Sra. Blanco Pico referente ao tema de Sargadelos que lle sorprende que a Sra. Blanco Pico faga esa pregunta no Pleno, porque ten unha compañeira que é a titular da Comisión de cultura e hai un par de Comisións, déronse todos os datos e nas actas están incluídos; di que lle sorprende moito porque cando o Partido Popular critica na prensa que o goberno de Fene están en crise, el ve que quen está en crise é o Partido Popular, porque non se falan entre elas, e se Pilar que é a titular da Comisión de Cultura sabe como foron as cousas que se aprobaron, por suposto por unanimidade, supón que a Sra. Blanco tamén o terá que saber.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral e di que na Comisión na que saíu a factura a que se refire a Sra. Blanco Pico, ela non estaba senón que mandou unha compañeira.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e trece minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

**Vº e prace,  
Alcalde-presidente**

**A secretaria**

**Asdo. Xosé M<sup>a</sup>Rivera Arnosó.**

**Asdo.: Pilar María Pastor Novo.**